

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 22 DE
SETEMBRO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e dous de setembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, dona M^a Jesús González Roel, do PP, e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito número 1/2011, de suplemento de crédito

Vista a proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 12 de setembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 20 de setembro de 2011.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que na Comisión Informativa o voto do seu grupo foi de abstención. Queren manifestar o seu rexeitamento ás manifestacións que realizou hoxe en ‘La Voz de Galicia’ a concelleira de Economía e Facenda, dona Marta Vázquez, en canto que achaca este expediente de suplemento de crédito a unha mala xestión do anterior executivo.

Quere dicirle que os expedientes de suplemento de crédito son habituais en calquera exercicio orzamentario e el entende que esas palabras non son moi afortunadas, entre outras cousas porque está convencido de que ao longo da súa xestión como concelleira de Economía e Facenda, tamén ela vai ter que facer bastantes modificacións, e iso non vai implicar que a súa xestión, en canto á elaboración do orzamento estea mal feita.

Nese sentido non consideran afortunadas as manifestacións, e pídenlle á Sra. concelleira que, en futuras situacións que se presenten, pense mellor as manifestacións que poida realizar diante dos medios de comunicación.

Conclúe dicindo que van manter o seu voto de abstención.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP, sinala que mantén as manifestacións que fixo aos medios de comunicación. Di que non lle parece adecuada a xestión do anterior executivo, non dotando de crédito suficiente obras pendentes, sobre todo cando hai empresas que queren cobrar as súas facturas. Eles atopáronse con iso, e a ela non lle parece unha boa xestión, nin lle parece correcto, polo que se reafirma no que dixo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que van cambiar o seu voto da comisión. Despois de ver os informes favorables de Intervención, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo considera que son uns traballos que se fixeron e, polo tanto, as empresas teñen o dereito a cobrar, por conseguinte, manteñen o voto das comisións e vanse abster.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén mantén o voto de abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser o mesmo que o da comisión informativa, abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os tres concelleiros de UxC, e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM; e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM.

A Corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito número 1/2011 por importe de 77.057,02 euros, co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito necesario
342.622	Investimentos en instalacións deportivas	45.480,56
151.619	Investimentos en infraestruturas urbanas	20.000,00
334.622	Investimentos en edificios culturais	11.576,46
	Totais	77.057,02

Correspondente aos seguintes proxectos de investimento:

Aplicación orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
342.622	45.480,56	09-2-452006	Arume: Sistema coxeneración e cuberta piscina A Barcala
151.619	20.000,00	09-2-452006	Arume: Humanización do Temple
334.622	11.576,46	05-2-451000	Escola de Música

Este expediente pódese financiar por importe de 77.057,02 euros con baixa na aplicación de gastos “320.622 Investimentos en edificios de educación”, no proxecto “2005-2-422000 Pavillón polideportivo no CEIP Portofaro” debido á proposta de adxudicación desta obra en 234.763,54 euros, cando o tipo de licitación fora de 355.756,24 euros, e contar con financiamento asegurado, ao estar financiado co préstamo para investimentos de 2009.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

2º Proposta de modificación da hora de celebración da Xunta de Voceiros

Vista a proposta de Alcaldía de data 16 de setembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 20 de setembro de 2011.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que quere agradecer ao resto dos voceiros dos grupos políticos que aceptasen a súa iniciativa para cambiar o horario das xuntas de voceiros.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Modificar a alínea segunda do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 12 de xullo de 2011, respecto do horario de celebración da Xunta de Voceiros, que queda redactado do seguinte teor literal:

“Segundo: Reunirase, en sesión ordinaria, o xoves anterior ás sesións ordinarias das Comisións Informativas e Pleno, ás 14:00 horas, agás en horario de verán que se reunirá ás 13:00 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o anterior día hábil á mesma hora. Estas sesións terán por obxecto, principalmente, asistir e asesorar ao alcalde na súa condición de presidente do Pleno, especialmente na confección da orde do día dos Plenos, iso sen prexuízo de incluír outros asuntos, de conformidade co establecido no artigo 89.2 a) e b) do Regulamento orgánico municipal.”

3º Mocións

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que hai dous meses, no pleno de xullo, o seu grupo presentou unha moción sobre a Lei de augas de Galicia na que poñían en coñecemento da Corporación e de todos os veciños, os prexuízos que esa lei ía traer en canto ao incremento que ían sufrir no recibo da auga, e que, segundo teñen entendido, a partir do 1 de xaneiro do ano 2012, vai repercutir en todas as familias de Cambre.

Cre que estes son temas que, con independencia de que non obedezan a unhas formulacións meramente municipalistas, si son medidas que se están adoptando dende o goberno da Xunta e que prexudican gravemente a situación dos patrimonios das familias de Cambre.

Di que hoxe tamén traen unha moción referida a unha disposición que vén de aprobar a Consellería de Facenda sobre os novos prezos medios no mercado para determinados inmobles rústicos e urbanos, é dicir, unha disposición que cambia os criterios de valoración que se tiñan en conta á hora de liquidar o imposto de sucesións e donacións, e o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, ou sexa, o que hai que pagar por recibir unha herdanza ou por adquirir un piso ou terreo.

Continúa dicindo que están asistindo a unha situación realmente preocupante por parte dunha serie de medidas que pasan desapercibidas nos medios de comunicación, e que, non obstante, van xerar un prexuízo enorme ás familias galegas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el entende que o Sr. concelleiro está falando de algo que entraría no debate da moción, e que primeiro terían que ler a moción.

Don Augusto Rey Moreno sinala que é unha pequena introdución, e que remata agora mesmo. Cre que hai que ter en conta o que é esta disposición, que na súa opinión, prexudica gravemente os intereses dos veciños de Cambre en concreto.

De seguido pasa a ler o texto da moción.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a instar á derogación da Orde da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os novos prezos medios no mercado para determinados inmobles rústicos e urbanos para os exercicios de 2010 e 2011

Rexistrada de entrada ao núm. 15335 o día 17 de setembro de 2011. Consta do seguinte teor literal:

“A Consellería de Facenda, ven de aprobar a Orde de novos prezos medios no mercado para os inmobles rústicos e urbanos para os exercicios de 2010 e 2011. Estas valoracións afectarán aos impostos sobre sucesións e doazóns, e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

As novas valoracións conteñen un aumento xeral moi significativo e xeneralizado no prezo dos inmobles considerados en relación coas valoracións anteriores. Incrementos que resultan inxustificadas e inexplicables na actual conxuntura económica.

Os valores anteriores en vigor se achegaban, e mesmo as veces superaban, os propios prezos de mercado. E se nos últimos anos aconteceu unha rebaixa no mercado dos prezos da vivenda e do solo non semellan razoables, senón todo o contrario, os novos valores que se propoñen.

Asistimos pois a un aumento impositivo importante e substancial, que a Xunta de Galicia tenta encubrir como unha modificación técnica de valores. E que afectará de xeito xeneralizado a todos os veciños que herden ou compren unha vivenda, un local ou un terreo.

Segundo a Orde de 28 de xullo, publicada no DOGA do 19 de agosto de 2011, estes prezos medios terán ademais efectos retroactivos xa que se aplicarán “para os exercicios de 2010 e 2011”, o que implica que a propia administración autonómica se autocorrixe,

posto que facilitou unha serie de valores para todo o ano 2010 e boa parte do 2011 que agora altera. Invalidar os ditos valores anteriores provocará incorreccións nas declaracións xa presentadas e aumentos nas cantidades a aboar polos citados impostos.

Incúmprense ademais as promesas de reducións impositivas realizadas polo actual Presidente do goberno autonómico e polo Partido Popular. E isto sen ningunha clase de explicación previa ou información por parte da Xunta de Galicia, que parece tenta agochar este aumento impositivo, cun subterfuxio técnico.

Esta situación está a provocar un claro prexuízo para todos os veciños e veciñas de Cambre que sufrirán un incremento dos impostos vinculados coa compra, herdanza ou doazón de bens inmoables.

Con base en todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao Pleno a seguinte proposta de ACORDOS:

Primeiro: Dirixirse ao Presidente da Xunta de Galicia co fin de que, en cumprimento do acordo acadado, inste á derogación da Orde da Consellería de Facenda de 28 de xullo de 2011 (DOG 19 de agosto de 2011) pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmoables rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2010 e 2011.

Segundo: Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, co fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto polo Concello de Cambre.”

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción, en canto entenden que esta medida adoptada pola Consellería de Facenda non é razoable. Unha vez máis a presión fiscal recae sobre os que menos teñen, eludindo sempre, como é costume neste goberno, a fiscalidade os maiores capitais.

Di que se falou aquí do incremento que podía ter un terreo rústico ou un piso. Eles estimaron que ese incremento pode estar nunha media entre o 25 e o 30%, cun efecto meramente recadatorio. Ademais, isto vai ter uns efectos retroactivos, ata o ano 2010, que para eles, a todas luces, é inapropiado.

Por todo o anterior, van votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai apoiar a moción, sobre todo porque nos tempos que estamos as valoracións deberían ir á baixa, é ir en contra do sentido común que vaian á alza.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén vai apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que el xa dixo na pasada lexislatura que este tipo de mocións non ía entrar a debatelas, nin a aprobalas, nin a votar en contra. Xa dixo que se ía abster. Ese é o seu sentir, cre que aquí están para o que están, e que este tipo de cuestións afectan a decisións doutras administracións, como a Xunta, o Goberno Central, a UE, etc., el non vai entrar nos xogos e historias entre grandes partidos políticos.

Polo tanto, o seu voto vai ser abstención, para non influír en que saia adiante ou non. Igual que fixo na pasada lexislatura, el seguirá mantendo este tipo de postura con respecto a estas mocións.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM; e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM.

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaioito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que se trata dunha moción relativa á ría do Burgo. Sinala que o seu grupo pensa que os poderes públicos teñen que defender os intereses dos cidadáns, e, á administración local, neste caso á de Cambre, tamén lle corresponde defender os intereses da ría do Burgo, tendo en conta que unha parte importante dela pasa por este termo municipal.

B) Moción do grupo municipal de EU sobre a ría do Burgo

Rexistrada de entrada ao núm. 15323 o día 16 de setembro de 2011, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Unha vez máis o grupo municipal de EU trae a debate plenario a situación da ría do Burgo, porque a súa protección e saneamento resulta un problema urxente e inaplazable diante das continuas e cada vez máis graves agresións que está a sufrir, por iso cómpre dun xeito decidido unha actuación pública que poña freo á súa deterioración.

O estado da ría do Burgo, especialmente no tramo que comprende as marxes do territorio municipal de Cambre, resulta lamentable. As repetidas promesas sobre a súa recuperación por parte das autoridades, nunca se concretan nun plan integral e efectivo. Os colectores recentemente construídos, non impiden que cheguen ás súas augas varios vertidos potencialmente contaminantes, existindo tamén desaprensivos que aproveitan a ría para desfacerse de residuos domésticos, todo iso sen falar do derramamento de queroseno provocado recentemente.

Para EU a situación é de gravidade, observando día a día a deterioración do seu leito e da calidade das súas augas, desaparecendo parte da variedade faunística que ata hai pouco a tiña habitado.

O noso grupo municipal non está preocupado só polos efectos ecolóxicos da deterioración da ría do Burgo “*de por si, gravísimos*”, senón tamén polas consecuencias económicas e sociais que a situación está orixinando e pode acentuarse no futuro, tendo en conta que podería constituír un decisivo factor para o desenvolvemento da zona se se aproveitan axeitadamente as súas posibilidades de todo tipo. Por tal razón, entendemos que cómpre con urxencia abordar a conxunción de esforzos das administracións e colectivos cidadáns implicados para poñer en marcha sen máis demora un programa de recuperación e aproveitamento integral da ría do Burgo.

Polo exposto o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar ás administracións competentes para que asuman dun xeito definitivo as súas responsabilidades e traballar na mesma dirección, co fin de conseguir a completa rexeneración e recuperación da ría do Burgo, co obxecto de establecer unha dotación orzamentaria que permita rematar no ano 2012 o proxecto integral de rexeneración, para que os mariscadores poidan realizar o seu traballo e os cidadáns poidan desfrutar da ría nas mellores condicións.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a que continúe levando a cabo a instalación da rede de saneamento e as súas conexións á EDAR de Bens, para desenvolver os mecanismos necesarios para protexer os intereses dos mariscadores durante o tempo de inactividade.

Terceiro: Instar ao Ministerio de Medio Ambiente a que asuma a súa competencia na recuperación da ría do Burgo, ao tratarse dun dominio público marítimo-terrestre como

define a Lei de costas, redacte de forma urxente o proxecto para o tratamento e extracción de lodos, para que cando a Xunta remate a conexión das redes de saneamento locais á EDAR de Bens, o Ministerio poida executar inmediatamente a extracción e o tratamento de lodos na ría.

Cuarto: Que o Pleno do Concello manifeste o seu apoio ás reivindicacións da Plataforma en Defensa da ría do Burgo e colectivo de mariscadores, así como á convocatoria da manifestación do vindeiro 2 de outubro.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que están totalmente de acordo e van votar a prol.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que para o seu grupo a recuperación da ría do Burgo é unha prioridade, e lamentan que para o goberno municipal non o sexa, a teor da reunión que tivo lugar onte, e na que segundo os medios de comunicación o único municipio que non estivo presente foi o municipio de Cambre.

Unha vez manifestado o seu voto a prol, só queren facer dúas obxeccións. A primeira, que sendo unha moción que coincide ao 90% coa presentada na Coruña, teríalles gustado que se presentara conxuntamente. E, en segundo lugar, gustaríalles que o grupo de EU concretase as reivindicacións da Plataforma en Defensa da ría.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que dificilmente podían acudir a unha reunión que se celebrou onte, cando se enteraron hoxe de que tivera lugar. Ao goberno de Cambre ninguén o convocou, polo tanto, se non tiñan coñecemento desa reunión, dificilmente podían acudir, aínda que lles tería gustado. En todo caso, unha vez que se publicou na prensa, o Sr. alcalde tivo unha conversa co conselleiro de Medio Ambiente, que si asistiu á reunión, e xa lle solicitou toda a documentación relativa á situación actual da ría, precisamente porque é unha das súas preocupacións.

Dona Margarita Iglesias Pais dille ao Sr. Andreu Barallobre, que coincidirá con ela en que é lamentable que dende a Consellería de Medio Ambiente non consideren o suficiente a Cambre, como para invitálo a unha reunión sobre este asunto.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que esa reunión non a convocou a Consellería de Medio Ambiente, convocouna a Plataforma.

Toma a palabra o Sr. alcalde para aclarar que a Consellería de Medio Ambiente convocou unha reunión para este sábado ás 12:00 horas, no edificio dos novos ministerios. A outra convocatoria non foi realizada pola consellería.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que a exposición de motivos corresponde ao grupo municipal de EU de Cambre, e a toma de acordos en varios puntos se corresponde cunha iniciativa presentada no Concello da Coruña no mesmo sentido. Eles consideraron que era acertada e por iso tamén a presentaron.

Di que a moción foi presentada o venres pasado por rexistro, e os demais grupos tamén se puideron dirixir a EU para poder consensuala, porque eles non terían maior problema en facelo. Cre que houbo tempo máis que suficiente para que lles propuxeran presentala como unha declaración institucional ou como unha moción conxunta.

Respecto do cuarto punto, sobre as reivindicacións da Plataforma e dos colectivos de mariscadores, son simples e ao mesmo tempo complexas. Tratan sobre o saneamento integral da ría do Burgo, co fin de que os mariscadores e centos de persoas poidan seguir vivindo, onde se poida seguir practicando deporte, onde se poida seguir extraendo ameixa e berberecho, e onde todos os veciños poidan desfrutar do paseo marítimo nas mellores condicións.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que agradece a EU que traia ao Pleno esta moción, o seu grupo vai votar a prol. Di que sobra enumerar as múltiples ocasións nas que o BNG presentou iniciativas para a rexeneración da ría do Burgo nos distintos concellos, no Parlamento galego e no Parlamento do Estado, topándose sempre cun clásico peloteo entre Fomento/Xunta, Xunta/Fomento, PSOE/PP, PP/PSOE. Uns dicían que quitarían os lodos cando non se vertera, e os outros contestaban ao revés.

Di que probablemente a resposta a día de hoxe será a mesma, e se o 20 de novembro o Goberno Central tamén queda nas mans do PP, xa se verá a quen se lle bota a culpa.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser favorable, e está totalmente de acordo, xa que é unha débeda histórica que hai co Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta o seu agradecemento a todos os grupos polo seu apoio á moción presentada.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

7º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do informe da Intervención municipal, de data 30 de xuño de 2011, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1481, de data 14 de setembro de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Maria Jesús González dende o día 19 ao 24 de setembro do ano 2011, ambos os dous incluídos, e do día 27 ao 30 de setembro do ano 2011, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.

- Da Resolución de Alcaldía núm.1499, de data 19 de setembro de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Santiago Manuel Rios, dende o día 26 de setembro ao 2 de outubro do ano 2011, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.

8º Rogos e preguntas

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 15336 o día 17 de setembro de 2011, xunto coas preguntas para este pleno.

1º No pleno ordinario celebrado o pasado día 21 de xullo este grupo presentaba un rogo no que denunciaba as situacións de inseguridade que se producían en dous “puntos negros” sitios na AC-1704 de Cambre a Carral, á altura do número 31 de Brexo e na confluencia da Costa da Lapa coa A-6 e se pedía ao goberno local que se instase á Deputación Provincial, titular da estrada, á adopción de medidas para arranxalos. Dende esa data temos referencia de que se produciron, polo menos, catro novos accidentes nesos dous puntos. Nun deles perigou a integridade física dunha nai e dos seus dous

fillos menores. Tendo en conta a gravidade dos feitos e que, ata o momento, non se adoptou medida ningunha e polo que:

Solicitamos se dea traslado destas situacións á Deputación para que, de xeito urgente, arranxe as deficiencias do vial causantes destes problemas, antes de que teñamos que lamentar lesións graves para viandantes e residentes na zona, dando, en todo caso, traslado a este grupo das xestións efectuadas.

O Sr. alcalde contesta que este tema tratouse no pleno celebrado o 21 de xullo, xoves, e que o venres seguinte celebrouse pleno na Deputación Provincial, e el xa levou isto á Deputación. Os técnicos da Deputación puxéronse en marcha e foron visitar estes lugares. El falou dúas veces coa señora á cal se fai referencia, unha delas diante dun concelleiro, asegurándolle que a Deputación xa estaba redactando un proxecto para facer unha actuación nesas dous puntos negros.

Unha das medidas que pensa será a máis efectiva, é o cambio de firme e a sinalización vertical luminosa. Están valorando levar alí electricidade para poñer iluminación pública.

Por tanto, todo está en marcha, e el calcula que neste ano vaise facer esa actuación sobre eses dous puntos negros por parte da Deputación.

2º A sinalización das paradas de autobuses no noso concello resulta moi deficiente. Na maioría dos casos non existen e, as poucas que existen, son limitadas en canto á información aos usuarios ao non recoller os horarios dos servizos. É por iso polo que:

Solicitamos se leve a cabo, por medios propios ou chegando a convenio coa Dirección Xeral de Mobilidade e as empresas concesionarias das liñas, un plan integral de sinalización das paradas do transporte público en Cambre.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que, como xa dixo hai uns días, o que pretende o goberno municipal é facer de cara aos vindeiros orzamentos, un proxecto de sinalización, non só das paradas de autobuses, senón como xa faláron, de instalacións deportivas, núcleos rurais, etc.

Están tratando de facer un proxecto diferenciando cada tipo de sinalización, por se nalgún caso puideran chegar a algún convenio con algunha outra institución, de colaboración ou mesmo de financiamento.

3º Dende hai anos ven sendo unha demanda reiterada dos veciños da urbanización da Barcala a instalación dunha farmacia no seu barrio. A pesares das xestións efectuadas por pasados gobernos municipais e o interese amosado polos diferentes grupos municipais presentes na Corporación, esta petición segue sen ser cumprida. É por iso polo que:

Solicitamos do goberno local se leven a cabo as xestións precisas, diante da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, para que a urbanización da Barcala poida contar á maior brevidade cunha oficina de farmacia.

O Sr. alcalde contesta que, efectivamente, el cre que é unha preocupación de todos os grupos que están na Corporación municipal, é máis, el cre que todos os grupos o levaban no programa electoral.

Entende que, ata o momento, polos pasados gobernos municipais non se fixo practicamente nada para solucionar este problema para un colectivo tan importante como é o da Barcala.

El ten prevista unha reunión coa conselleira de Sanidade, e vaille falar non só deste tema, senón tamén do tema dun pediatra para A Barcala. En canto teña a data da reunión que quedou en darlle a conselleira, presentaralle estes temas.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 15323 o día 16 de setembro de 2011, xunto coa moción e coas preguntas para este pleno.

1º A reciclaxe de alimentos é unha medida que se realiza en moitas vilas do mundo. Os alimentos que se tiran no día a día dos supermercados de todo o mundo bastaría para alimentar a dúas poboacións mundiais. Pero lamentablemente todo ese material alimentario pérdese a pesar de que hai millóns de familias en situación de total precariedade.

O noso grupo municipal, consciente dos “graves problemas sociais que hai no noso concello, onde viven familias que precisan de axuda para poder chegar a fin de mes”:

Prega ao goberno realice un estudo co fin de dotar a Cambre dun banco de alimentos.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que el sabe que a concelleira de Servizos Sociais está traballando neste tema, pero non lle pode dicir exactamente que é o que está a facer. Di que lle contestará por escrito cando chegue.

2º O noso grupo municipal xa ten sinalado noutras ocasións o perigo que supón para a circulación rodada e peonil a ausencia de iluminación na ponte da ría do Burgo no Temple, unha zona con intensa circulación rodada e beirarrúas deficitarias.

Pregamos nos informen da situación do proxecto para a mellora da seguridade viaria no mencionado lugar.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que, efectivamente, a iluminación que hai na ponte nova é nula. Levan anos, como di o voceiro de EU, falando de proxectos para aquela zona para mellorar aquilo, ampliar, etc.

En principio di que alí hai unha alternativa, que é a ponte romana, para circular os peóns en momentos de perigosidade, de noite. Esa ponte está iluminada, o que pasa é que non funciona normalmente porque rompen as luminarias que están incrustadas na balaustrada, arrancan os cables, etc. Hai uns días estivo vendo por alí todo este tema, as instalacións, tanto eléctrica como o tema das losetas que hai no chan, que se rompen continuamente.

Pensan que, ao mellor, unha solución para poder iluminar a ponte romana sería poñer uns proxectores en cada unha das dúas cabezas, un en Culleredo e outro en Cambre. Pediu un orzamento para ver canto custaría o proxector de Cambre, e falou con Culleredo para estudar a posibilidade de que eles poñan outro que sexa igual. Trataríase de poñer un poste, substituindo un dos existentes na zona do Paraugas, e poñerlle un proxector que iluminase a ponte romana, co cal, de noite, poderían circular por alí os peóns sen problema nin perigo.

Di que o orzamento déronllo hoxe pola mañá e está en torno aos 2.600 euros, o que considera que non sería excesivamente custoso para dar seguridade aos peóns que pasan pola ponte romana.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo considera a situación intolerable, e que existe unha falta de responsabilidade por parte de tres administracións, o Concello de Culleredo, o Concello de Cambre e a Xunta de Galicia, que é a competente por razón da estrada de que se trata.

Di que este rogo referíase ao tema da ponte nova, que está sen iluminación, e na que todos son conscientes de que non hai ningún punto de luz e é un perigo evidente. Están falando dun dos sitios máis perigosos de toda a zona e onde máis tránsito hai.

Continúa dicindo que lle parece ben que se vaia facer unha actuación na ponte vella, porque polo menos os peóns van ter un sitio para pasar, pero chámalle a atención porque a semana pasada os medios de comunicación publicaban, e así o manifestaba o alcalde de Culleredo, que existía un proxecto para ensanchar a ponte, co ánimo de habilitar un carril máis, e que a xente que circula cara a Cambre non teña que esperar.

El entende que nese proxecto tamén se incluíría a iluminación, porque algunha vez así se tiña falado. Por iso el preguntaba no rogo por ese proxecto, ao cal o outro día facía mención o máximo mandatario de Culleredo. Pregunta se no Concello de Cambre teñen coñecemento del.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que el entende que a maioría dos mandatarios políticos moitas veces gústalles aparecer antes que ninguén na prensa, enténdeo. Fai

referencia a que o alcalde de Culleredo adiantouse á xogada e quere explicarlles por que o di.

Expón que o día do vertido do queroseno, todos saben que acudiron os políticos da Xunta. Unha vez terminado todo o asunto, e cando volvían da zona do vertido, concretamente a don José Antonio Álvarez, xefe territorial da Xunta de Galicia, el mesmo, como alcalde do Concello de Cambre, propúxolle facer inmediatamente un proxecto para cambiar a varanda de ferro, que quizais é máis perigosa que a iluminación, porque está completamente oxidada. O Sr. Álvarez quedou mirando para a varanda e recoñeceu que, efectivamente, tiña razón, pero que había un proxecto para ampliar a ponte, para facer un carril e que a xente que vai para Cambre non teñan que agardar no semáforo. El díxolle ao Sr. Álvarez que lle parecía moi ben que desenvolveran ese proxecto e nesa conversa estaba presente con eles o alcalde de Culleredo.

Continúa explicando que el non dixo nada porque mañá ten prevista unha reunión co xefe territorial, e seguramente vanlle entregar un borrador do proxecto. O que ocorre é que o alcalde de Culleredo adiantóuselles á xogada, e fíxoo público.

Di que el non coñece o proxecto, e que por iso non o pode comentar, pero a idea non foi do alcalde de Culleredo, senón do de Cambre, e non lle pode dicir máis, e cre que o alcalde de Culleredo tampouco, porque supón que ninguén lle terá adiantado antes dito proxecto, cando a idea foi do alcalde de Cambre, polo menos no que se refire á varanda, que está moi perigosa e completamente podre polo óxido do salitre da mar.

Conclúe dicindo que cando teña o proxecto, loxicamente, darallo ao resto dos grupos. Sobre a iluminación xa se dixo antes o que pensan facer para iluminar a ponte vella, tendo en conta que os falcatrueiros rompen as luminarias que están incrustadas na pedra, pediron un orzamento para poñer un poste na cabeza da ponte peonil, para que, polo menos, os peóns teñan por onde pasar sen perigo. Pero insiste en que, en canto teña o proxecto da ampliación e iluminación da ponte nova, comunicarállelo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, agradece a súa resposta ao Sr. alcalde, pero di que non cre estar equivocado, porque o rogo presentado xa o presentaron noutras ocasións e, nesas outras ocasións, aquí se lles dixo que xa existía neste concello un proxecto para levar a cabo esa actuación. Por iso EU preguntaba por como está a situación do proxecto, porque aquí xa se falou diso, e pode que algún dos presentes tamén o poida confirmar. Di que existía un proxecto para actuar sobre a ponte nova que incluso chegaba ata a rúa Tapia Esas son as noticias que eles tiñan, e así figurará nas actas plenarias da anterior lexislatura.

O Sr. alcalde falou de que é un proxecto que vai saír agora, pero eles estaban preguntando polo que lles dixeran que xa estaba aquí antes.

O Sr. alcalde di que non quere entrar en discusión, o concelleiro de EU fixo unha pregunta e el pensa que xa lle contestaron, incluso de máis. Di que el non quere entrar en polemizar se existe un proxecto ou non, pero el ese proxecto non o coñece nin o viu, dillo sinceramente e, seguramente, haberá algún outro que estea gardado nun caixón e que tampouco teña visto. El o que lle está falando é do que sabe, e o que sabe é que ten unha reunión mañá co xefe territorial da Xunta para tratar entre outros temas, ese.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece a resposta e di que, en todo caso, eles o pedirán por escrito o próximo luns.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo cre ter información sobre ese proxecto, no sentido de que si cren que existe. Estaba na Xunta do bipartito, e, de feito, a traba que había era unha pasarela peonil que unía o paseo marítimo de Cambre e o paseo marítimo de Culleredo, que cre que foi rexeitada por Patrimonio. O proxecto trataba de eliminar as dúas beirarrúas da ponte nova e dotar dun carril máis, dirección Cambre, para desconxestionar o tráfico que hai de entrada a Cambre, e cara á Tapia.

O Sr. alcalde agradece a intervención e reitera que el non coñece ese proxecto.

Don Luis Miguel Taibo Casás tamén agradece a intervención do concelleiro do grupo socialista, que coincide co que eles dixeron.

3º Visto o desnivel que existe entre o asfalto e as cunetas en diversos tramos da estrada entre Cela e Meixigo, e tendo en conta que tal situación ocasiona riscos tanto para a circulación rodada como peonil.

Por isto pregamos se inspeccione a zona e se tomen as medidas para a corrección dos desniveis nas cunetas existentes.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que están de acordo.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15336 o día 17 de setembro de 2011, xunto cos rogos para este pleno.

1ª Coñecida a intención do goberno local de prescindir do servizo de gabinete de prensa mediante rescisión unilateral do contrato coa empresa adxudicataria, este grupo pregunta:

Como se están a realizar actualmente os servizos de comunicación do concello?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que con persoal funcionario da casa.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, solicítalle ao Sr. Andreu que especifique se o persoal funcionario da casa cumpre cos requisitos esixibles para a prestación dese servizo e en que situación queda actualmente a empresa adxudicataria, xa que se tiña iniciado un procedemento para rescindir o acordo que este concello ten coa empresa. Gustaríalles saber se a día de hoxe a empresa deixou de prestar ese servizo, se segue a prestalo, se o compaxina con persoal funcionario da casa, se cobra ou non cobra, etc., porque eles non o saben.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que a empresa ten rescindido o contrato, non cobra polo servizo, ou mellor dito, o expediente estase tramitando, e dende a data na que se notificou a rescisión do contrato de forma unilateral, cos informes favorables dos técnicos, a empresa xa non cobra. Decidiuse polo goberno municipal que eses traballos se fixeran con persoal propio do concello.

Don Jesús Bao Bouzas solicita que se especifique que tipo de persoal.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta por un funcionario eventual.

Don Jesús Bao Bouzas manifesta que dende o grupo municipal socialista cuestionan que a contratación de persoal eventual para esa función, sexa adecuada para o fin que se persegue. Entenden que debe ser un servizo profesionalizado, imparcial e obxectivo, que debe servir ademais de á comunicación do equipo de goberno, a todas e cada unha das forzas políticas que forman parte da Corporación. Entenden que coa figura do persoal eventual non se cumpren eses criterios.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que se cumpre cos criterios do goberno.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que, en relación ao tema do persoal eventual, aproveitan a pregunta do grupo socialista para lembrar que EU ten solicitado o expediente de contratación do actual asesor de comunicación dende o día 9 de agosto. Seguen mantendo que están a falar dunha contratación irregular.

O Sr. alcalde sinala que a pregunta a fixo o partido socialista.

Dona María Olga Santos López responde que só está facendo unha puntualización, igual que en anteriores ocasións.

O Sr. alcalde manifesta que entende que a pregunta quedou contestada, e non cre que sexa habitual discutir unha pregunta e facer puntualizacións sobre o tema.

A concelleira de EU responde que se veñen facendo, pero que neste caso molesta, ela o único que quería é recordar que solicitaron o expediente.

O Sr. alcalde responde que non molesta, que o único que di é que non é o habitual.

Dona María Olga Santos López manifesta que, entón, non é habitual nesta pregunta concreta, porque levan facendo puntualizacións todos de todas as preguntas.

O Sr. alcalde sinala que el permite a puntualización, que a concelleira xa a fixo, e que o grupo de EU xa pediu esa información por escrito.

Dona María Olga Santos López contesta que estaba recordando que hai mes e medio que está pedido, e que hai unha persoa contratada como persoal eventual, nomeada no DOG, e da cal non se lles facilita información, por iso, aproveitando a pregunta formulada, cre que están indicando, con toda a lexitimidade que teñen como concelleiros de Cambre, que pediron reiteradamente ese expediente, e que aínda non o teñen. Iso é o único que din, por unha contratación que xa teñen denunciada como presuntamente irregular.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo tamén teñen dúbidas sobre a regularidade desa contratación, e tamén lles gustaría dispoñer dese informe de contratación.

2ª Avanzado xa o mes de setembro, este grupo non ten coñecemento de que se teña convocado o “Certame de pintura do Concello de Cambre”, que o presente ano celebraría a vixésimo oitava edición, é por iso que este grupo pregunta:

Cando se ten pensado convocar o citado certame e cales serían as súas bases?

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, informa que retiran a pregunta, xa que segundo a información recibida da Xunta de Goberno, parece ser que se vai convocar o certame de pintura. Solicitan que canto antes poidan estar a disposición de todo o mundo as bases, mellor, porque ata o mércores 21 aínda estaban colgadas na web as do XXVII certame.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro do PP, manifesta que ten preparadas as bases e que despois llelas entregará. Di que durante toda a semana vai saír o anuncio na web de ‘La Voz de Galicia’ e de ‘La Opinión’, o mércores e o xoves vaise publicitar en ‘El Ideal’, ‘La Opinión’ e ‘La Voz de Galicia’, e xa está nas redes sociais e na páxina web do concello. A partir do luns a páxina web www.certamepinturacambre.org, estará operativa xa como XXVIII certame.

3ª É frecuente atopar aparcados sobre as beirarrúas do polígono de Espíritu Santo camións cos seus remolques. Incluso danse casos de remolques que permanecen durante semanas situados sobre elas impedindo a circulación dos peóns. A subida e permanencia

destes vehículos produce a ruptura das losetas e o afundimento do firme, causando danos no patrimonio municipal. É por iso que este grupo pregunta:

Que medidas ten pensado adoptar o goberno municipal para evitar a ocupación e os danos nesta infraestrutura viaria?

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que como esta pregunta coincide cunha formulada polo grupo municipal de UxC, e tendo en conta que a súa pregunta tivo entrada no rexistro con anterioridade, declinan presentala e quedan a expensas do que se conteste ao outro grupo.

A continuación, e antes de dar lectura ás preguntas presentadas polo seu grupo, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que lle gustaría facer un rogo, xa que o pasado sábado foi o último día para presentar rogos e preguntas, e dado que na última Xunta de Voceiros quedaron pendentes dunha información do Sr. alcalde con respecto á gasoleira, rógalle, se é posible, lles informe sobre a situación na que quedou a reunión que ía ter co avogado da empresa.

O Sr. alcalde responde que el entende que esta é unha pregunta que pode comprometer as negociacións, así llelo dixo aos propios afectados, por iso, pídelle perdón ao voceiro de UxC, pero non lle vai contestar, porque non debe facelo, xa que iso pode interromper as negociacións que están tendo, e que non finalizaron. Por tanto, mentres non teña unha data de reunión clara, e a posición fixada, prefire non contestar, porque pode prexudicar a todos os veciños que están sentados no salón de sesións, e que estiveron manifestándose á porta do concello. Sente de verdade non poder contestar.

Don Óscar Alfonso García Patiño agradécello de todas formas, e dille que o seu grupo sempre mantivo esa postura, deixarlles traballar con tranquilidade, simplemente se trataba de que como eles non coñecen nada do tratado, non sabían se podía contestarlles. En todo caso di que non hai ningún problema.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15261 o día 16 de setembro de 2011.

1ª De todos é coñecido o problema que veñen atravesando dende hai tempo o club de fútbol Once Caballeros e o club de béisbol de Cambre debido ao uso compartido das instalacións do campo de fútbol de Lendoiro na parroquia do Temple, polo que preguntamos ao goberno municipal:

Que medidas pensa tomar o goberno municipal para solucionar este problema?

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, explica que despois de ter presentado esta pregunta por escrito no rexistro, comunicáronlles tamén que lles están

entrando a robar de forma continua nas instalacións do club. Cre que en dous meses van nove veces. Pregunta que teñen pensado facer para solucionar o problema.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, contesta que os problemas existentes entre as dúas directivas, ou entre os dous usuarios das instalacións, agardan que sexan solucionados coa contratación do servizo de conserxería, a través dun expediente que se iniciou hai 15 días. Esperan que a partir da semana que vén, finais da seguinte, estea en funcionamento. Á parte do servizo de conserxería, encargaranse un pouco do control dos horarios acordados polos clubs no departamento de Deportes.

Con respecto ao tema dos roubos, di que é algo que ven sendo reiterativo, sobre todo durante o verán, houbo uns oito ou nove roubos, instalouse unha alarma e o único que falta é poñerlle a tarxeta SIM para que estea operativa. Comunicáronlles que a partir de mañá xa estará en funcionamento.

2ª O polígono industrial do Espírito Santo converteuse nos últimos anos nun polígono sen ningún tipo de orde, as beirarrúas están ocupadas por coches, camións e materiais das empresas, remolques aparcados na calzada, non se limpan as parcelas, incluída a parcela municipal que está ao lado do centro de formación na cal se atopan coches desmantelados, restos de obras, etc.

Que ten pensado facer o goberno para poñer en orde esta situación?

O Sr. alcalde contesta que respecto da parcela municipal, o concelleiro de Obras e Servizos xa ten orde de rozar.

En canto ao abandono de vehículos, a policía local iniciou unha actuación co fin de identificar todos os que están alí. Respecto dos vehículos aparcados e abandonados tomouse a determinación de incoar expedientes. Algúns deles xa están en fase de trámite, e téñense incoado hai dous meses. Todos saben que non se pode retirar un coche porque si, hai que iniciar un expediente de abandono de vehículos, e a tramitación dese expediente adoita levar entre catro e seis meses.

Conclúe dicindo que iso é o que van facer, e logo tratarán de reparar as beirarrúas que estean danadas coa brigada de obras.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que no programa electoral do PP, no apartado medioambiental, din que van facer cumprir, ou no seu caso modificar, a ordenanza que regula esta materia. El non sabe se é que a policía local, os funcionarios que traballan no centro de formación, os funcionarios que van polo polígono industrial, ou os políticos que van por alí non son capaces de ver que na parcela municipal hai catro ou cinco vehículos tirados. Están dicíndolle aos demais veciños de Cambre que teñen que rozar os seus terreos, e o concello non o fai. Dinlles que non poden deixar os vehículos na vía pública nesas condicións, cando o concello o permite. Por iso solicita que, á maior brevidade posible, se fagan cargo de retiralos.

Conclúe dicindo que agradece ao voceiro do PSdeG-PSOE a deferencia de deixarlles formular esta pregunta.

O Sr. alcalde di que se fará.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que están a rozar os terreos municipais, pero que aínda non chegaran ao polígono de Espíritu Santo. A estrada Cambre-Temple xa está rozada, tamén Sobreguexe, parte da Rocha, etc., é dicir, están traballando no tema, non é que no se vaia facer.

Don Óscar Alfonso García Patiño pide que se teña en conta para o ano que vén, para que o fagan antes. Sabe que este ano non se tiña contratado polo anterior goberno, e que levou un tempo. En todo caso, quere destacar que a problemática do polígono de Espíritu Santo a coñecen todos, e é moi difícil solucionala, por iso o seu grupo bríndase a darlles toda a axuda que poidan necesitar pola súa parte, e calquera idea ou calquera proxecto, os terán ao seu lado.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 15323 o día 16 de setembro de 2011, xunto coa moción e cos rogos para este pleno.

1ª No pleno municipal do pasado 31 de marzo, o noso grupo municipal presentou unha moción (aprobada por unanimidade) sobre a “protección da fauna do río Mero”.

Ten o goberno local algunha información por parte das autoridades da Xunta de Galicia respecto da moción presentada?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o 17 de xuño, xa finalizada a anterior lexislatura, remitiuse esta moción para a súa valoración polos tres grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia, ningún deles acusou recibo. Tamén se lle enviou ao presidente da Xunta e non teñen noticias.

Explica que aínda non tiveron a oportunidade de ter unha reunión co concelleiro de Medio Ambiente, pero este será un dos temas que se levarán en canto a poidan ter.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, sinala que están a dicir que non tiveron coñecemento por parte dos grupos parlamentarios, nin por parte do goberno da Xunta, pero EU si sabe que hai un determinado grupo, neste caso o BNG, que se interesou polo tema, e incluso vai presentar unha proposición para levar a cabo a proposta de EU. O que lle sorprende é que a propia Xunta de Galicia, o goberno, non se teña preocupado de momento.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que será porque tivo coñecemento deste asunto tres meses despois de que se aprobara no pleno, e estarán agardando a que teña lugar unha reunión entre o novo alcalde e o concelleiro responsable para tratar o tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que lle parece que houbo tempo suficiente, como houbo para o outro grupo que se preocupou polo tema. A Xunta con máis motivo tería que preocuparse, de aí a súa estrañeza.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o grupo parlamentario do BNG en Santiago, si que presentou o mes pasado unha moción sobre este acordo tomado no pleno do concello.

2ª No pleno do pasado 19 de xullo tras consultar o noso grupo sobre o estado das obras da piscina do Temple, infórmansenos que a empresa que se está a facer cargo das obras aumenta a orzamentación inicial en 40.000 euros sobre os 111.000 iniciais. O concelleiro responsable da área de Deportes infórmanos que se lle pediu documentación a “Terrauga” que xustifique o dito aumento no prezo.

Posteriormente tal e como se recolle na acta da Xunta de Goberno Local do 22 de agosto, o concelleiro da área de Deportes manifesta que a obra “excede os 200.000 euros”.

Ademais de que o orzamento duplica o, xa de por si, elevado importe no que se determinou o custo das reformas da piscina, atopámonos con que esta obra segue a ser un exemplo da ineficacia na súa xestión tanto para o anterior goberno como para o actual. O anterior por incapaz de axilizar o proceso de acondicionamento da dita instalación (levamos dous anos coa dita obra) e o novo por ser incapaz de ter o control sobre as obras públicas que se teñen que realizar. Non pode ser, que unha obra que se execute durante o verán, xa no mandato do novo grupo de goberno, se faga sen que este teña en conta un “pequeno” detalle: que o proxecto, non incluía o acondicionamento da zona de espaxamento, polo que tampouco se puido abrir ao público este verán.

Baseándonos na información que se nos facilitou, o noso grupo municipal pregunta:

Cal foi o motivo polo que o concelleiro responsable non se percatou de que unha piscina necesita zonas comúns, por exemplo para poñer as toallas ou onde poidan estar os usuarios, ata o momento de recepcionar a obra? Teñen pensado rematar a dita obra este inverno ou terán os veciños que esperar outro ano máis (e van tres) para poder desfrutar da dita instalación? En que estado se atopan as conversas coa empresa, que documentación achegou, que datas teñen previstas para a fin das obras e cal é o prezo final no que finalmente vai quedar esta reparación?

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que lle gustaría facer unha pequena puntualización, porque cando redactaron esta pregunta non recibiran a acta da Xunta de Goberno Local de 12 de setembro, na que se informa polo concelleiro

responsable da área que se piden orzamentos a diferentes empresas para derrubar o edificio orixinal e construír un anexo con salas para albergar bomba de calor depuradora, subir o nivel da zona da praia e mellorar o céspede. Pregunta en canto vai quedar o custo final do que comezou sendo unha reparación, que xa supera os 200.000 euros e que, ao final, teñen que derrubar o edificio.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, manifesta que lle gustou que fixera esa puntualización, porque realmente no departamento de Deportes, non só o concelleiro da área, non entendían as acusacións de ineficacia e inoperancia que se facían na pregunta.

Di que a día de hoxe a empresa ten xustificado todas e cada unha das obras que se fixeron a maiores, e respecto desa cantidade que EU cifra ao principio, entre 40.000 e 50.000 euros, quere citarlle o que dixo textualmente, porque cre que non seguiu lendo o texto da acta da comisión informativa, xa que, tamén se recolle nela que despois das negociacións mantidas, esa cantidade baixa a unha cantidade entre 15.000 e 20.000 euros, e que mentres non se xustifique ese incremento, xa que non consta ningunha solicitude de modificación por escrito, non se efectuará o abono de ningunha factura. Di que iso é o que continuaba dicindo despois dos 40.000 e 50.000 euros, e deberían telo incluído tamén na súa entrada á pregunta, porque senón é un pouco nesgada a información.

Continúa dicindo que a día de hoxe a empresa xustificou todas e cada unha das modificacións que se teñen cifrado en pouco máis de 18.000 euros, e así o certificou tanto a dirección de obra, como os técnicos municipais.

Sinala que non entendían moi ben a pregunta. O grupo de EU tacha ao concelleiro, e por tanto ao departamento de Deportes, de ineficacia, inoperancia, falta de previsión. Pregunta como é posible que se lles poidan tachar de todas esas cousas cando a propia concelleira fai mención aos 200.000 euros, nos cales eles xa contemplaron ese posible incremento da praia.

Conclúe dicindo que a obra xa está recepcionada, no proxecto orixinal non se incluía a praia, e agora están traballando porque se leve a cabo.

Dona María Olga Santos López reconece que pode que non incluíran a parte de abaixo, pero a parte de arriba, os datos que achegan, foron dados polo propio goberno municipal, non son datos que se invente EU.

Don Fernando Caride Suárez sinala que hai que dar toda a información, non só quedarse nunha parte.

Dona María Olga Santos López indica que tampouco entende ese ton á defensiva, cando de entrada están a falar dunha obra que leva tres anos. Na pregunta xa din que isto parte do goberno anterior, e non queren facer responsable a este goberno do cúmulo de

catástrofes que é a piscina do Graxal, que o é, e eles o saben. Unicamente se cinguen á información que eles mesmos facilitaron nas comisións informativas de que se modificaran os 111.000 euros iniciais, porque se dera de baixa o técnico, o collera outra empresa, etc. Están falando da información que o propio goberno municipal deu, por iso pídelle que non se poña á defensiva, porque a pregunta non é con ese ánimo. A pregunta é moi clara, pódese concentrar no seguinte, en canto vai quedar o custo da piscina e cando se vai rematar.

Don Fernando Caride Suárez responde que a obra tal e como estaba proxectada polo goberno anterior queda taxada en 129.146,67 euros, e xa está rematada, porque o proxecto orixinal non incluía a urbanización perimetral.

3ª Recentemente temos recibido varias queixas dos usuarios das instalacións deportivas da Balastreira, en Cecebre. Infórmansenos que os usuarios que queren xogar ao fútbol nel habitualmente non teñen a opción, posto que se está a usar de forma practicamente continuada tanto pola semana como durante a fin de semana polas persoas que practican tiro con arco.

Con base nisto o noso grupo municipal pregunta:

Como se atopan reguladas as instalacións deportivas da Balastreira e como se reparten o uso entre os que queren xogar ao fútbol e os que practican tiro con arco? Que medidas de seguridade están contempladas para que convivan dous deportes tan diferentes, co perigo implícito que deriva do tiro con arco?

Dona María Olga Santos López, de EU, puntualiza que non teñen absolutamente nada en contra dos tiradores con arco, só queren coñecer a convivencia entre os dous deportes.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, sinala que tampouco entenden moi ben esta pregunta, porque hai dúas posibilidades. Se a concelleira estivo na instalación, como supón que estivo para facer esta pregunta, saberá que se pode xogar tanto no campo de herba natural como nunha pista que hai anexa. Non sabe onde di que hai solicitudes para xogar, se no campo de céspede ou na pista anexa.

Se é no campo de céspede di que é unha evidencia que cando están os tiradores non se pode xogar ao fútbol.

Dona María Olga Santos López di que esa é a pregunta, para o señor concelleiro pode ser unha evidencia, pero eles o que din é, precisamente, que hai queixas porque non poden convivir, porque hai xogadores de fútbol que queren utilizar o campo da Balastreira e o encontran ocupado. Por iso pregunta polos permisos que se están dando e por cal é a convivencia entre os dous deportes. Os conflitos xéranse precisamente pola falta de convivencia entre eses dous deportes.

Don Fernando Caride Suárez responde que a única solicitude que tivo entrada por rexistro foi do club de arqueiros de Cambre para o uso desa instalación. Ao departamento de Deportes non lle consta a solicitude de ningún outro club nin persoa para o uso desas instalacións.

Dona María Olga Santos López pide que, entón, tomen nota desta queixa e lles informen.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que el é de Cecebre e xogou no campo da Balastreira ao fútbol. Di que hoxe nese campo non se pode xogar ao fútbol, o que fixo a queixa, fíxoa mal, e dillo porque el vive moi cerca, e, nese campo, hai ocos nos que se pode meter a perna case ata o xeonllo, porque ninguén xoga ao fútbol, e incluso unha das porterías xa non existe. Non se explica como poden xogar ao fútbol alí, sobre todo tendo un campo municipal que acaban de arranxar, que é o campo das Brañas.

Di que están a utilizalo os arqueiros porque son os únicos que pediron permiso para xogar alí, ninguén pediu permiso para xogar ao fútbol, porque ninguén xoga ao fútbol alí. Non sabe se algún rapaz pequeno durante a semana pode xogar, pero se é así, el diríalle ás nais que non os manden aí, porque poden romper unha perna.

Conclúe dicindo que teñen que arranxar ese campo, sábeo, pero a día de hoxe, para o fútbol, non é apto.

Dona María Olga Santos López agradécelle ao Sr. alcalde a súa resposta conciliadora.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia